
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 20 DE ABRIL DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola "Mellora da estrada AC-303. Oleiros-Corrubedo. Concello de Ribeira".
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial OU-0567 denominada Travesía de Vilamarín a prol do Concello de Vilamarín.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto de trazado da AC-550 entre o PK:91 + 190 e o PK:91 + 540 a prol do Concello de Porto do Son.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en dirección de cociña.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico en dirección de servizos de restauración.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual, a realización de pagos a conta superiores ao 80 %, e a exención da obriga de constitución de garantías, na Resolución da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no rural galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa

Operativo FEDER Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o período 2011 – 2013.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración para a adquisición dos inmobles e posterior construción da edificación necesaria para a localización do Rexistro Civil de Vigo na zona vella da cidade.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade Arquitectos sin Fronteras, para a execución do proxecto “Mellora das condicións de habitabilidade básica no marco do programa OXLAJUJTZ’IKIN. Fase III. Departamento de Retalhuleu-Guatemala” por un importe de dous centos vinte e un mil seiscientos vinte e catro euros (221.624 €).
- Acordo sobre a posta en funcionamento do sistema de atención de chamadas de persoas con discapacidade auditiva e de fala aos centros de atención de emerxencias (Proxecto europeo REACH 112).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Portas para a execución da obra "Senda e pasarela de madeira sobre o Río Chaín en Portas", de clave OH.436.967 por importe de cento noventa e un mil novecentos noventa euros con nove céntimos (191.990,09 €).
- Acordo polo que se aproba o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a execución da obra: “Proxecto de estación de tratamento de auga potable en Leiro. Concello de Leiro (Ourense)”, clave OH.232.768, por importe de douscentos trinta e cinco mil setecentos setenta e oito euros con sesenta e un céntimos (235.778,61 €).
- Acordo polo que se aproba definitivamente o “Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Tamagos, no Concello de Verín (Ourense)”.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto “Centro tecnolóxico de compensadores de dilatación” (concello de Ordes), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza ao Igape a manter as condicións especiais de subsidiariedade e a excepcionalidade na achega de garantías reais, na modificación de determinadas condicións no aval concedido a Construcciones Navales P. Freire, S.A. Expediente nº AV/0351, por importe de dous millóns setecentos mil euros (2.700.000.-€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual en relación coa Orde da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a fundacións, asociacións e institucións culturais que desenvolvan a súa actividade en Galicia para o seu funcionamento e para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 e parte do 2012, por importe de trescentos mil euros (300.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do Proxecto Modificado da Liña de Media Tensión, C.T.C., R.B.T, Meiquiz, sobre a do monte veciñal en man común “Pena” pertencente á comunidade de montes veciñais en man común de “Leiro”, no concello de Rianxo, (A Coruña), promovido pola Consellería de Economía e Industria, cunha superficie de afección de 11.330 m².

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a actual situación económica e financeira de Portugal. Posible impacto na economía galega: propostas de actuación desde a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o pacto de contratación por vinculación temporal de persoal do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre as liñas de actuación en violencia sanitaria.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a incoación do expediente para a declaración de ben de interese cultural da Igrexa da Virxe Peregrina, en Pontevedra.

A XUNTA LICITARÁ ANTES DO VERÁN AS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA OLEIROS-CORRUBEDO, NO CONCELLO DE RIBEIRA, NAS QUE INVESTIRÁ 3,4 MILLÓNS DE EUROS

- *Actuarase sobre os 7 primeiros quilómetros da estrada, ampliando a sección actual e construíndo beirarrúas e sendas peonís, ademais de urbanizar as travesías de Bretal e Olveira*
- *A estrada presenta actualmente unha serie de deficiencias, como ausencia de itinerarios peonís completos, mal estado do firme no treito inicial, falta de ordenación dos xiros á esquerda e cambios de sentido*
- *Estas melloras beneficiarán a máis de 27.500 veciños do Concello de Ribeira*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora da estrada Oleiros-Corrubedo (AC-303), para a urbanización e incremento da seguridade nesta estrada que vertebra o rural do Concello de Ribeira. Esta actuación conta cun investimento de 3,4 millóns de euros e está prevista a súa licitación antes deste mesmo verán a través da Sociedade Pública de Investimentos

A estrada presenta actualmente unha serie de deficiencias, como ausencia de itinerarios peonís completos, mal estado do firme no treito inicial, falta de ordenación dos xiros á esquerda e cambios de sentido.

O obxectivo deste proxecto será mellorar os 7 primeiros quilómetros da estrada (entre o p.q 0+000 e o p.q 7+002), ampliando a sección actual e construíndo beirarrúas e sendas peonís de 1,5 metros de ancho. Ademais, urbanizaranse as travesías de Bretal e Olveira e ordenaranse as interseccións con posibilidade de cambios de sentido e a implantación de novas conexións.

As obras a levar a cabo permitirán ampliar a sección da plataforma actual ata os 7/8 metros incluíndo a ponte do río Artes (entre o p.q 0+850 e o p.q 1+060). Deste xeito, a sección tipo pasará a ter dous carrís de circulación de 3,5 metros cada un, beirarrúas de 1,5 metros e senda peonil da mesma medida, así como beiravías de entre 0,5 e 1,5 metros dependendo da zona.

Para isto será preciso levar a cabo a escavación de máis de 16.800 metros cúbicos de terreo e facer 11.000 metros cúbicos de terraplén. Así mesmo, será preciso estender máis de 6.200 toneladas de mestura botuminosa. Finalmente, faranse os labores de drenaxe e sinalización así como a instalación de iluminación.

Estas melloras na estrada Oleiros-Corrubedo (AC-303) suporán un investimento de máis de 3,3 millóns de euros e beneficiarán a máis de 27.500 veciños do Concello de Ribeira.



A DEPUTACIÓN DE OURENSE TRANSFERIRÁ A TRAVESÍA DE VILAMARÍN AO CONCELLO TRAS A APROBACIÓN POLO CONSELLO DA XUNTA

- *A Dirección Xeral de Infraestruturas estima axeitado o cambio de titularidade de case medio quilómetro desta rúa, tendo en conta que adquiriu características netamente urbanas*
- *O Concello ourensán de Vilamarín, a partir da formalización da entrega, encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade ao Concello ourensán de Vilamarín da travesía do mesmo nome e que ten unha lonxitude de case medio quilómetro. Esta travesía está conformada pola estrada provincial OU-0567 que ten adquirido características netamente urbanas. Esta decisión da cumprimento a unha das cláusulas recollidas nun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vilamarín.

A Dirección Xeral de Infraestruturas estima axeitado o cambio de titularidade, que suma unha lonxitude de case medio quilómetro, tendo en conta que adquiriu características netamente urbanas e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.

A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

O Concello de Vilamarín, a partir da formalización da entrega, encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular da estrada.

Cesión regulada

Cómpre sinalar que no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

A citada Lei de estradas dispón no artigo 54 que as estradas provinciais ou os tramos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas, se lles entregarán aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da administración titular da estrada e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia ten como un dos seus principais obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión. De xeito que se proporcione aos usuarios unha eficaz, cómoda e segura rede de estradas galegas, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

O CONCELLO DE PORTO DO SON CONTARÁ CUNHA NOVA VÍA TRAS A APROBACIÓN POLO CONSELLO DA XUNTA DO CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA CEE-RIBEIRA

- *O cambio vén motivado porque que o citado tramo, de 350 metros, non dá continuidade a un itinerario autonómico tras realizarse na zona unha variante de trazado*
- *O Concello coruñés, a partir da formalización da entrega, encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do tramo*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade ao Concello coruñés de Porto do Son dun treito da estrada AC-550 (Cee-Ribeira), concretamente dende o punto quilométrico 91 + 190 ao 91 + 540, e dicir, un total de 350 metros.

A Dirección Xeral de Infraestruturas estima axeitado o cambio de titularidade deste treito, tendo en conta que o citado tramo non ten interese na planificación autonómica, posto que non constitúe un itinerario, e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.


O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de seren transferidas por non dar continuidade a itinerarios ou seren treitos de estradas nas que se fixeron variantes de trazado, como é o caso.

A entrega formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Cesión regulada

Así mesmo, no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

O Concello de Porto do Son, a partir da formalización da entrega, encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular da estrada.



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN IMPULSA A HOSTALARÍA COA ADAPTACIÓN DE DOUS NOVOS CURRÍCULOS DE FP ÁS NECESIDADES DO SECTOR

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos para a adaptación dos currículos dos ciclos de grao medio en dirección de cociña e en dirección de servizo e restauración*
- *Nesta lexislatura xa están aprobados 30 novos decretos para modernizar os títulos de FP e está previsto dar o visto e prace a 12 máis nas vindeiras semanas*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á aprobación dos decretos para a adaptación dos currículos dos ciclos de grao superior en Dirección de Cociña e en Dirección de Servizo de Restauración á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións. Deste xeito, contribúe ao impulso dos sectores da hostalaría e o turismo de gran importancia na nosa Comunidade Autónoma

A Consellería de Educación ten así adaptado 30 currículos nesta lexislatura, quedando estes tamén armonizados co Sistema Nacional das Cualificacións profesionais. Está previsto dar o visto e pracer nas vindeiras semanas a 12 máis.

Nesta mesma liña, aprobou un novo decreto para regular a FP e modernizala, incluíndo nestes as novas tecnoloxías e as linguas estranxeiras; e outro polo que se establece o regulamento orgánico dos Centros Integrados de Formación Profesional dependentes da Consellería de Educación.

Deste xeito dáse pulo a unha FP que facilita a posterior empregabilidade dos futuros titulados nos diferentes campos profesionais; que xa de por si acadan altas taxas de inserción laboral. Ademais, a Consellería vén de convocar 3.200 prazas para o recoñecemento da competencia profesional a través da experiencia laboral ou de formación non formal, nun total de 44 unidades de competencia, correspondentes a 8 ciclos formativos diferentes. Desta forma Educación dá resposta á demanda de diferentes colectivos que necesitan acadar unha certificación oficial da súa cualificación para o desempeño das súas actividades profesionais ou acceder á mobilidade na súa profesión e precisan contar coa acreditación das súas competencias profesionais.

Prácticas e prevención de riscos

A partir desta adaptación, estes ciclos formativos pasan a ter unha duración de 2000 horas. Ademais equipáranse ao nivel europeo e, neste caso, o ciclo LOXSE que se substitúe tiña unha duración de 1.300 horas. Agora inclúese un módulo de formación en centros de traballo co cal os estudantes completarán a formación adquirida no

centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Tamén se inclúe formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Por outra banda, e co fin de facilitar a mobilidade desde a FP cara a outros estudos, nos novos currículos queda establecida a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

A XUNTA APROBA AXUDAS DE 15 MILLÓNS DE EUROS PARA DESPREGAR A BANDA LARGA EN 11.000 NÚCLEOS DO RURAL GALEGO

- *Máis de 250.000 galegos poderán acceder a Internet grazas a estas novas infraestruturas de telecomunicación que se implantarán no período 2011-2013*
- *Con esta actuación, que complementa ás xa iniciadas durante o 2010, facilitarase a cobertura de banda larga ao 94% da poboación no 2013*
- *Ademais, posibilitarase o acceso á Rede ao 100% dos centros educativos, centros de saúde, farmacias, xulgados de paz, e outros servizos públicos sen cobertura*

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica concederá, conforme o previsto no Plan de Banda Larga 2010-2013, axudas de 15.290.000 euros para a creación de novas redes de acceso á banda larga na contorna rural de Galicia. Así se recolle nunha orde de axuda, en réxime de concorrencia competitiva, aprobada hoxe no Consello da Xunta e que será publicada nos próximos días no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Redes de acceso de banda larga no rural galego

As axudas previstas estarán destinadas ao despregamento de redes de acceso de banda larga en 11.000 núcleos do rural galego, situados nas denominadas zonas brancas, é dicir, que non teñen acceso á mesma nin previsión de telo. Estas achegas, cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), realizaranse co compromiso de despregar a totalidade da rede antes do remate do ano 2013.

Esta subvención supón un máximo do 40% investimento preciso para esta actuación. Así, grazas á achega da Administración de máis de 15 millóns de euros conseguirase un investimento alomenos 38 millóns de euros para o despregamento destas redes de banda larga na Comunidade.

Con esta actuación, da que se beneficiarán máis de 250.000 habitantes que a día de hoxe non dispoñen de cobertura, búscase suprimir a fenda dixital que afecta o rural galego complementando o alcance dos despregamentos postos en marcha a través do Plan de Banda Larga durante o 2010. O pasado ano as actuacións do Plan conseguiron reducir nun terzo a poboación sen cobertura en Galicia.

A Xunta de Galicia aproba esta convocatoria de axudas tan só unhas semanas despois de que o Goberno do Estado aprobara o *Real Decreto 458/2011* sobre actuacións en materia do espectro radioeléctrico para o desenvolvemento da sociedade dixital, que autoriza, entre outras cousas, o refarming na banda 900 Mhz, inicialmente asignada para a tecnoloxía GSM, o que impedía dar servizos 3G nesta

banda. Esta medida posibilitará o impulso as comunicacións de banda larga en mobilidade e amplía o abano de posibilidades tecnolóxicas que os interesados poderán ofertar para a extensión da banda larga nas zonas máis rurais de Galicia.

Obxectivos do Plan de Banda Larga 2010-2013

Coa convocatoria de axudas aprobada hoxe polo Consello da Xunta porase en marcha una nova acción do Plan de Banda Larga que permitirá completar a cobertura na maior parte do ámbito rural galego. Este novo despregamento de infraestruturas súmase as actuacións das que xa se puxeron en marcha durante o ano pasado: a implantación de redes fixas, sen fíos, e de nova xeración (con velocidades de 100Mbps); e a potenciación do operador público Retegal, que está a poñer a disposición dos resto dos operadores a súa infraestrutura favorecendo a competencia.

O alcance conxunto da presente convocatoria e das axudas xa concedidas pola Xunta de Galicia durante o pasado ano 2010, levará a banda larga ao 94% da poboación de Galicia en 2013 así como ao 100% dos puntos de demanda estratéxica para a administración (centros educativos, centros de saúde, farmacias, xulgados de paz, etc.) sen banda larga. A cobertura completarse ata o 100% cunha nova actuación que facilitará a conexión a Internet a través de satélite e que se porá en marcha antes de 2013.

A día de hoxe, e en menos dun ano desde a súa posta en marcha, o Plan conseguiu dotar de cobertura a 250.000 galegos que carecían de acceso á rede. Este ano o Plan prevé posibilitar o acceso á banda larga máis do 84% da poboación fronte ao 70% existente en 2009.

A XUNTA TRASLADA O REXISTRO CIVIL DE VIGO Á ZONA VELLA DA CIDADE CO OBXECTIVO DE MELLORAR O SERVIZO AOS CIDADÁNS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración para a adquisición de dous inmobles e a construción dunha edificación nun deles, que é un soar***
- ***Para este fin a Xunta botará man dunha partida de 52 millóns de euros, que a Consellería de Presidencia xa tiña programada para diversas actuacións xudiciais***

A Xunta acorda trasladar o Rexistro Civil de Vigo á zona vella da cidade ante a falta de espazo das súas actuais dependencias e co claro obxectivo de mellorar a prestación deste servizo a todos os vigueses. Deste xeito, o Consello da Xunta de hoxe deu luz verde ao convenio de colaboración para a adquisición dos inmobles e posterior construción da edificación necesaria para a localización do Rexistro Civil de Vigo na Zona Vella olívica.

Os dous novos inmobles nos que se situará o Rexistro son titularidade do Consorcio da Zona Vella de Vigo -participado na actualidade nun 90% pola Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo-, están valorados en 580.000 euros e correspóndense cun soar na rúa San Sebastián e un local en Abeleira Menéndez. Para a súa adquisición o Goberno galego botará man dunha partida de 52 millóns de euros recollida nos orzamentos 2011 da Sociedade Pública de Investimento (SPI Galicia) e que está destinada a diversas actuacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, entre as que se atopaba o Rexistro Civil vigués.

O obxecto deste acordo consiste na previsión e coordinación das actuacións e encomendas entre a Xunta de Galicia, a SPI e o Consorcio da Zona Vella de Vigo para proceder á adquisición de ambos os inmobles e posterior construción de edificación no soar situado na rúa San Sebastián, necesarios para trasladar as dependencias do Rexistro Civil de Vigo na Zona Vella da cidade de acordo coas previsións do Plan Especial que comprende o ámbito da zona vella (PEPRI).

Segundo se recolle no acordo, a Consellería de Facenda encomendará á SPI Galicia a adquisición dos inmobles de titularidade do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en nome e por conta da Xunta de Galicia, e logo da petición da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Unha vez adquiridos os bens, a Consellería de Facenda adscribiráos á de Presidencia, quen procederá coa máxima celeridade posible a encomendarlle a SPI a redacción do proxecto e a licitación das obras necesarias para proceder á construción do edificio da

rúa San Sebastián, que, xunto ao outro local, se destinarán ás novas dependencias do Rexistro Civil da cidade de Vigo cun custo máximo estimado de 900.000 euros.

O rexistro Civil de Vigo

Desde o 30 de decembro de 2008 o Rexistro civil de Vigo é un servizo exclusivo, situado na planta baixa do edificio xudicial da rúa Lalín, ocupando un espazo de 547 metros cadrados, que tras o seu traslado quedarán á disposición de novos xulgados para a cidade. O seu cadro de persoal é de 21 persoas: 19 funcionarios, máis unha xuíza e un secretario xudicial.

Para os efectos de inscrición o rexistro componse de 4 seccións: nacementos, matrimonios, defuncións e tutelas e representacións legais, nas que tamén se expiden as certificacións que acrediten tales feitos. Ademais este órgano xudicial tamén é o encargado da tramitación dos expedientes gubernativos para a adquisición da nacionalidade, adopcións e modificacións do nome ou apelidos, entre outros.

Neste sentido, e para dar mostra do importante servizo que presta o Rexistro Civil vigués, hai que destacar que durante o pasado 2010 rexistrou preto de 800 matrimonios, 3.862 nacementos, 967 defuncións e 152 tutelas. Así mesmo, expedíronse 45.063 certificacións e 547 expedientes de nacionalidade.

A XUNTA COLABORA CON ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS DE VIDA EN GUATEMALA

- ***A Consellería de Presidencia achegará 221.000 euros á ONGD para mellorar as infraestruturas habitacionais e as condicións hixiénico-sanitarias das comunidades beneficiarias***

O Consello da Xunta de hoxe deu o visto e pace á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade Arquitectos sen Fronteiras para a execución do proxecto "Mellora das condicións de habitabilidade básica no marco do programa Oxlajuj Tz´Quin. Fase III. Departamento de Retalhuleu-Guatemala". Para este fin a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, achegará 221.624 euros.

O obxectivo é contribuír a que as familias poidan acceder a condicións de vida digna, a través da mellora das infraestruturas habitacionais, garantindo unhas condicións hixiénico-sanitarias nas comunidades beneficiarias e evitando a exposición destas a riscos accidentais ou enfermidades.

Nesta empresa, Arquitectos sen Fronteiras conta cunha contraparte local, a Asociación Indíxena Agropecuaria Pro Desenvolvemento Integral (ASIAPRODI), e fará uso de todos os recursos materiais e humanos dispoñibles nesas comunidades.

Así, o proxecto enmarcase nunha estratexia predefinida baseada nun traballo conxunto coas municipalidades de Champerico e Retalhuleu e as 45 familias das comunidades de Nueva Cajolá, Victorias el Salto e San Juan el Húmedo; así como os 21 integrantes da cooperativa B´eluj Q´anil, beneficiarios directos da intervención.

Esta iniciativa, coinciden coa aposta firme da Xunta de Galicia pola continuidade da cooperación directa, considerando que a Administración galega debe implicarse directamente na colaboración e na implantación e mellora dos sistemas públicos básicos, con especial atención á vivenda, a saúde, o saneamento, a seguridade alimentaria e a educación.

Así mesmo, é de destacar que Guatemala é un dos países prioritarios para a execución dos proxectos de cooperación exterior de Galicia, tal e como aparece recollido no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013. Neste documento establécense como prioridades transversais o dereito ao desenvolvemento e á loita contra a pobreza, a promoción da igualdade entre homes e mulleres, a defensa da sustentabilidade ambiental e o respecto polos dereitos humanos.

A XUNTA PORÁ EN MARCHA EN MAIO UN PROXECTO PIONEIRO QUE GARANTE A ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN CASO DE EMERXENCIAS

- ***Galicia converterase na primeira comunidade autónoma española en dar resposta ás emerxencias para todas aquelas persoas con discapacidades auditivas e de fala***
- ***O proxecto, denominado REACH, garante que as persoas discapacitadas poidan acceder directamente ao 112 en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns***
- ***O REACH 112 achegará solucións para comunicarse en calquera situación, ben a través de comunicación escrita, linguaxe de signos, lectura de beizos ou voz***

O Consello da Xunta deu o visto e praxe a un acordo polo que a partir de maio comezará a funcionar un proxecto europeo que garantirá a atención en caso de emerxencias ás persoas con minusvalías e discapacidades auditivas e de fala. O organismo encargado de poñer en marcha esta nova iniciativa será o Centro de Atención de Emerxencias 112 (CAE 112), dependente da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA).

Con este proxecto innovador, que recibe o nome de REACH 112 ("Responding to All Citizens needing Help"/ Resposta a todos os cidadáns que precisan axuda), Galicia convértese na primeira comunidade autónoma española en dar resposta ás emerxencias para todas aquelas persoas con este tipo de discapacidades; que ata o de agora non podían -agás a intervención de terceiros- comunicar e solicitar resposta as situacións de emerxencias nas que se viran afectadas.

A Comunidade Autónoma galega conseguirá, en definitiva, garantir que as persoas discapacitadas poidan directamente acceder ao 112 en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns, avanzando así decididamente no camiño da súa plena integración.

Así, o REACH 112 achegará solucións para comunicarse en calquera situación, ben a través de comunicación escrita, linguaxe de signos, lectura de beizos, con voz ou con calquera combinación simultánea dos citados modelos baixo o concepto de comunicación total.

Neste sentido, proporcionaranse dispositivos especialmente adaptados en fogares, lugares de traballo e desprazamentos, que conectarán aos usuarios simultaneamente a través de vídeo, son e texto. Con esta iniciativa liderarase a mellora de comunicacións entre os cidadáns, en particular daqueles con algún tipo de discapacidade, ademais da accesibilidade e o tratamento de chamadas dos servizos de emerxencias de toda a Unión Europea.

Galicia, exemplo de Europa

Para participar nesta iniciativa pioneira, o CAE 112 foi escollido xunto con outras tres centros de emerxencias de entre todos os existentes en Europa. O motivo da selección do centro galego foi a súa evolución, desenvolvemento e experiencia na xestión de emerxencias nun territorio singularizado polas súas condicións orográficas e de dispersión poboacional, o que constitúe un interesante campo de proba para este novidoso sistema de resposta total do que se extraerán importantes consecuencias para a súa implantación no resto de Europa.

Esta iniciativa internacional é un proxecto a tres anos (xullo 2009-xuño 2012) cun orzamento de 8,8 millóns de euros, financiado nun 50 por cento pola Unión Europea e no que participan 22 socios de toda Europa, incluíndo organizacións de usuarios e as principais compañías mundiais de telecomunicacións. No caso español, ademais da AXEGA, participan como socios do proxecto as empresas Siemens e Sertel.

Funcionamento en probas

O número de emerxencias europeo 112, que se utiliza para contactar de maneira gratuíta cos servizos de emerxencias en toda a Unión Europea, non estaba ata o de agora accesible para a maioría das persoas discapacitadas.

A partir do vindeiro 1 de maio, e tras un período de probas técnicas por parte do CAE 112, comezarán a realizarse unha serie de probas entre usuarios reais, entre outros, os membros da Federación de Asociacións de Xordos de Galicia (FAXPG) que colaboran no proxecto a través da Confederación Estatal de Personas Sordas (CNSE).

Para poder participar nesta iniciativa europea, a AXEGA tivo que levar a cabo unha serie de modificacións e implantacións no sistema operacional do CAE 112 Galicia, entre elas a formación dos teleoperadores para posibilitar a recepción das incidencias; a adaptación dos postos de teleoperación; a redacción dun manual e protocolo de operacións e a configuración dos actuais servidores informáticos de telecomunicacións para poder atender as necesidades dos discapacitados.

Así mesmo, a AXEGA habilitou na súa páxina web un portal específico para o proxecto REACH 112, onde se pode atopar toda a información relevante para o seguimento do proxecto, ademais de facilitar a participación daquelas persoas con discapacidade que así o desexen nas probas do piloto.

OS VECIÑOS DE PORTAS CONTARÁN CUNHA SENDA PEONIL SOBRE O RÍO CHAÍN QUE DARÁ CONTINUIDADE AO CAMIÑO QUE UNE ESTA VILA E CALDAS DE REIS, MELLORANDO A SEGURIDADE VIARIA DESTA ZONA

- *A senda dará continuidade a un camiño xa existente e que tería que unir os concellos de Portas e o de Caldas de Reis e que, neste momento, remata á altura do dito río*
- *A distancia entre os dous concellos é moi pequena, o que provoca numerosos desprazamentos peonís entre ambos os municipios*
- *A construción desta infraestrutura supón unha evidente mellora da calidade de vida dos cidadáns, evitando perigos innecesarios nos seus traslados dende un concello a outro*
- *A obra inclúe a conservación e mellora das marxes do río, contribuído ao obxectivo de sustentabilidade e protección ambiental*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Portas para a construción dunha senda peonil sobre o río Chaín, por un importe de case 200.000 euros. Esta senda dará continuidade a un camiño xa existente e que tería que unir os concellos de Portas e o de Caldas de Reis e que, neste momento, remata á altura do dito río.

Esta actuación pretende a mellora de seguridade viaria entre ambas as poboacións, posto que a distancia entre os dous concellos é moi pequena, o que provoca numerosos desprazamentos peonís entre ambos os municipios. A construción desta infraestrutura supón unha evidente mellora da calidade de vida dos cidadáns, evitando perigos innecesarios nos seus traslados desde un concello a outro. Así mesmo, a vía separarase fisicamente da estrada, a partir dunha mediana.

Grazas a este convenio, construírse un tramo de senda peonil que dea continuidade á senda existente, de xeito que traslade o punto de chegada ao centro social existente en Portas, así mesmo sinalizaranse todos os cruzamentos da estrada, que deban atravesar a senda peonil.

Características técnicas

A lonxitude da senda, que se construír en madeira, será duns 350 metros e cun largo de 3 metros. O lugar onde se desenvolverán as obras é unha zona de grande importancia para os habitantes de Portas, os beneficios afectarán tanto o contorno natural como os veciños, que realizan numerosos desprazamentos polo lugar.

Así mesmo, levarase a cabo a mellora das marxes e recuperación dos contornos degradados co fin de restablecer as condicións naturais do río, integrándoas no seu contorno e protexendo a poboación das posibles enchentes.

Esta obra tamén promove a mellora do ambiente, contribuído ao obxectivo de sustentabilidade e protección medioambiental.

O convenio establece que Augas de Galicia deberá contratar as obras; levar a dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a elaboración do proxecto correspondente á obra e, unha vez executada, a súa recepción. Por último, terá que entregar as obras ao Concello, unha vez sexan recibidas de conformidade, co fin de que sexa asumido por este o seu mantemento e conservación.

Pola súa banda, o Concello ten que poñer a disposición efectiva, libre de cargas e gravame todos os terreos necesarios de carácter normal con motivo das obras e a asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas as obras por Augas de Galicia e logo da entrega destas ao Concello, a explotación, mantemento e a súa conservación, entre outras.

MEDIO AMBIENTE DOTARÁ O CONCELLO DE LEIRO DUNHA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE, MEDIANTE A ACHEGA DE 235.000 EUROS, CO FIN DE RESOLVER CARENCIAS NO ABASTECIMENTO

- *A solución proposta consiste nunha planta capaz de tratar 12 litros por segundo que se situará xunto ao depósito da Ribeira*
- *As unidades máis importantes da infraestrutura son un filtro de lavado, un decantador, edificio de control, medidor de ph, caudalímetro e válvulas eléctricas*
- *As obras, cun prazo de execución dun ano, darán servizo a unha poboación de máis de 1.830 habitantes do Concello de Leiro*

O Consello da Xunta celebrado hoxe autorizou o proxecto de acordo polo que se aproba o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) para a execución dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP) en Leiro, na provincia de Ourense.

Augas de Galicia inviste máis de 235.000 euros na construción desta infraestrutura hidráulica primordial para este municipio ourensán. A Consellería de Medio Ambiente distribúe este importe en dúas anualidades que se corresponden co presente 2011 e o vindeiro 2012.

A solución proposta consiste nunha planta capaz de tratar 12 litros por segundo mediante filtro en continuo e decantador que se situará xunto ao depósito da Ribeira que é o que recibe a auga da derivación do río Viñao.

Este proxecto dotará dun sistema de tratamento de potabilización para a auga abastecida no Concello de Leiro que actualmente carece del. Na actualidade, este municipio abastécese dende unha canle de derivación do río Viñao, dende unha distancia de 7.530 metros ata o depósito da Ribeira sen tratamento físico ningún, polo que cando a turbidez é moi alta, chega aos puntos de consumo ocasionando reclamacións por parte dos usuarios.

As obras centraranse na instalación dunha estación de tratamento de 12 l/s. Rozarase e prepararase o terreo para a construción da dita ETAP, considerando un filtro en continuo ao dispoñer no depósito existente de acometida eléctrica. Como actuación complementaria, executaranse 200 metros lineais de tubaxe de pluviais.

As unidades principais da infraestrutura hidráulica son un filtro de lavado para un caudal continuo, decantador lamelar e un edificio de control composto de sala de reactivos e sala eléctrica. Tamén se colocará un medidor de ph e cloro, un caudalímetro, unha válvula eléctrica e depósitos de reactivos.

As obras, cun prazo de execución dun ano, darán servizo a unha poboación de máis de 1.830 habitantes do Concello de Leiro.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas colabora de xeito técnico e financeiro cos concellos galegos co fin de resolver carencias en infraestruturas. Así, mellórase a calidade de vida dos cidadáns e foméntase o desenvolvemento económico e social dos municipios galegos.

APROBADO POLO CONSELLO DA XUNTA O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE TAMAGOS, EN VERÍN

- *O investimento total previsto ascende a 55 millóns de euros, dos que, segundo o proxecto sectorial preto de 30 millóns se destinarán a obras de urbanización*
- *O parque desenvolverase en tres fases, prevíndose licitar as obras da primeira fase no último trimestre de 2011*
- *O parque ocupará unha superficie total de preto de 1,3 millóns de metros cadrados, dos que preto de 300.000 corresponden á primeira fase*
- *A superficie industrial total será de preto de 560.000 metros cadrados, dos que máis de 170.000 estarán na primeira fase*
- *O 75 por cento do solo xa foi adquirido por compravenda*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, en Verín. Segundo o proxecto sectorial aprobado hoxe, o parque empresarial de Tamagos terá unha superficie total de 1.276.077 metros cadrados, dos que 559.740 metros cadrados serán de superficie industrial. O parque desenvolverase en tres fases, tal como se indica no seguinte cadro, en función da demanda de solo empresarial que se rexistre na zona.

| FASE | SUPERFICIE TOTAL (m2) | SUPERFICIE INDUSTRIAL (m2) |
|---------------|------------------------------|-----------------------------------|
| FASE 1 | 297.669 | 170.391 |
| FASE 2 | 442.453 | 120.934 |
| FASE 3 | 535.955 | 268.415 |
| TOTAL | 1.276.077 | 559.740 |

O investimento total previsto ascende a 55 millóns de euros, dos que, segundo o proxecto sectorial preto de 30 millóns de euros se destinarán a obras de urbanización, segundo o seguinte detalle:

| | Importe previsto para obras de urbanización (euros) |
|---------------|--|
| FASE 1 | 13.506.310,71 |
| FASE 2 | 7.071.859,15 |

| | |
|---------------|----------------------|
| FASE 3 | 8.452.602,75 |
| TOTAL | 29.030.772,61 |

Na actualidade xa están adquiridos por mutuo acordo un total de 962.952 metros cadrados, que supoñen algo máis do 75 por cento do ámbito. Os terreos restantes serán incluídos no proxecto de expropiación que se tramitará unha vez aprobado o proxecto sectorial, polo que se prevé que as obras de urbanización da primeira fase poidan ser licitadas no último trimestre de 2011.

A primeira fase do parque empresarial de Tamagos inclúe un área loxística que, con máis de 80.000 metros cadrados, será desenvolvida pola Dirección Xeral de Mobilidade.

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO DO CENTRO TECNOLÓXICO DE COMPENSADORES DE DILATACIÓN DE ORDES COMO PROXECTO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

- *A decisión do Goberno de Galicia para o proxecto que promove Macoga SA ten o obxectivo fundamental de posibilitar a expansión da actividade da empresa e a contribución da mesma, de clara proxección internacional, ao tecido empresarial e ao incremento de postos de traballo tanto no concello de Ordes como nos concellos limítrofes*
- *O proxecto ten como obxecto incorporar as instalacións existentes de produción de compensadores de dilatación ao Centro Tecnolóxico que se pretende crear, o que posibilitará ao grupo empresarial, referente no seu sector e que ten proxección internacional, a ampliación das edificacións necesaria para o aumento da produción, así como para realizar a investigación tecnolóxica necesaria para continuar co seu desenvolvemento*
- *O orzamento total das actuacións, segundo o proxecto, é de 6.570.305,51 €, e pódense diferenciar tres fases de actuación*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar de xeito definitivo o proxecto Centro Tecnolóxico de Compensadores de Dilatación que promove Macoga SA no Concello de Ordes como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal co obxectivo fundamental de posibilitar e facilitar a expansión da actividade da empresa e a contribución desta, de clara proxección internacional, ao tecido empresarial e ao incremento de postos de traballo tanto no concello de Ordes como nos concellos limítrofes.

O proxecto ten como obxecto incorporar as instalacións existentes de produción de compensadores de dilatación ao Centro Tecnolóxico que se pretende crear, o que posibilitará ao grupo empresarial, referente no seu sector e que ten proxección internacional, a ampliación das edificacións necesaria para o aumento da produción, así como para realizar a investigación tecnolóxica necesaria para continuar co desenvolvemento do sector.

O acordo fai que o planeamento do Concello de Ordes quede vinculado ás determinacións contidas no proxecto sectorial que se aproba.

A ampliación da actividade do grupo empresarial detrás do proxecto implica un maior investimento por parte da sinatura tanto na súa produción como na investigación tecnolóxica necesaria para manter a competitividade das súas instalacións, o que redundará no beneficio do mercado laboral da comarca e de toda Galicia.

O orzamento total das actuacións, segundo o proxecto, é de 6.570.305,51 euros, e pódense diferenciar tres fases de actuación. A primeira fase consistirá na creación de dúas naves, unha ao nordeste das existentes, destinada a Pregado, separadas por un patio de manobras e intercambio de pezas, e outra ao sur das naves de produción actuais, adosada á mesma, de maneira que sexa necesario eliminar parte da fachada existente para dar continuidade ao proceso construtivo, destinada a Embalaxe e Almacén do Produto terminado. Con posterioridade, construírse outra nave adosada á de Pregado da primeira fase, e finalmente executarse unha nave aislada de planta baixa destinada a almacenaxe.

Macoga SA, provedor mundial, destaca polos seus procesos innovadores no deseño e fabricación de compensadores de dilatación para motores a reacción, para o sector de xeración de enerxía, para a industria do petróleo e o gas, así como solucións para calefacción e ventilación.

ECONOMÍA E INDUSTRIA FACILITA O REMATE DUN OCEANOGRÁFICO DE FREIRE MEDIANTE A PRÓRROGA DUN AVAL

- ***Construcciones Navales Freire ten un cadro de persoal de 67 traballadores propios e unha media de 419 subcontratados***

Mediante a prórroga dun aval, a Consellería de Economía de Industria facilita a Construcciones Navales Freire, S.A. o acceso ao financiamento necesario para que poida rematar a construción dun buque oceanográfico.

Segundo a operación que vén de autorizar o Consello da Xunta, o Igape prorrogará ata o 24 de outubro próximo a vixencia deste aval destinado a facilitar o acceso ao financiamento necesario para rematar a construción do dito buque oceanográfico e garantir a estabilidade do cadro de persoal de Construcciones Navales Freire, que dispón de 67 traballadores propios e unha media de 419 subcontratados.

Con carácter previo á autorización da operación polo Consello, a Comisión Delegada da Xunta de Galicia acordou o mantemento da declaración de especial interese socioeconómico para Galicia da prórroga referida ao correspondente aval.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA CUN ORZAMENTO DE 300.000 EUROS A ORDE DE AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS CULTURAI

- ***A Consellería de Cultura e Turismo investirá esta contía para impulsar aquelas actividades realizadas por asociacións, entidades e fundacións sen ánimo de lucro que desenvolven as súas actividades en Galicia.***

O Consello da Xunta vén de aprobar a orde presentada pola Consellería de Cultura e Turismo pola que se regulan as bases para a concesión de axudas destinadas ao funcionamento e a realización de programas ou actividades culturais por parte das asociacións, entidades e fundacións sen ánimo de lucro que desenvolvan as súas actividades en Galicia.

A través desta orde, a Consellería de Cultura e Turismo destinará un total de 300.000 euros para impulsar aquelas actividades destinadas á promoción, cooperación e animación sociocultural que contribúen ao espallamento e difusión da cultura en Galicia. As basease da convocatoria inclúen ademais os gastos de persoal para a dirección e coordinación das actividades e gastos de funcionamento das institucións obxecto da subvención.

A contía de cada subvención non poderá ser superior ao importe solicitado ou ao 75% do orzamento total da actividade subvencionable, coa cantidade máxima de 20.000 euros por beneficiario. Poderán acollerse a esta orde de axudas aquelas actuacións desenvolvidas entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de marzo de 2012.

Esta actuación enmárcase nas competencias da Consellería de Cultura e Turismo para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Así mesmo encárgase da elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos, a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos e colectivos, persoas físicas, corporacións locais e industrias culturais.

A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DA “LIÑA DE MEDIA TENSIÓN, MEIQUIZ” SOBRE OS MONTES VECIÑAIS DE RIANXO

- ***A Consellería do Medio Rural resolveu favorablemente a prevalencia da utilidade pública deste proxecto sobre a do monte veciñal en man común “Pena”, pertencente á comunidade de “Leiro”, no concello de Rianxo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto “Modificado da liña de Media Tensión, C.T.C, R.B.T, Meiquiz” sobre a do monte veciñal en man común “Pena” pertencente á comunidade de montes veciñais en man común de “Leiro”, no concello coruñés de Rianxo.

A Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Coruña autorizou e declarou de utilidade pública o proxecto, mediante resolución. O Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural en Coruña foi o encargado de comunicarlle o expediente á comunidade afectada.

Despois de non recibir ningunha alegación por parte da comunidade de “Leiro”, a Dirección Xeral de Montes propuxo que se informe favorablemente a prevalencia da utilidade pública deste proxecto sobre a do monte veciñal en man común tendo en conta que, na medida do posible, a liña se trace pola pista xa existente.

A XUNTA ENCARGA Á AECT UN SEGUIMENTO DO IMPACTO DA CRISE PORTUGUESA NAS RELACIÓNS COMERCIAIS ENTRE GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL

A Xunta de Galicia encargará á Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) de Vigo un seguimento periódico do impacto da crise económica de Portugal nas relacións comerciais que manteñen Galicia e o norte do país luso.

Así o anunciou esta mañá no Consello da Xunta o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, que presentou un informe no que se recollía a aposta firme do Goberno galego polo traballo e o apoio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que actualmente preside Alberto Núñez Feijóo.

No dito informe recóllese o compromiso do Goberno galego para fortalecer a súa colaboración con Portugal e así reducir o impacto da crise portuguesa nas relacións comerciais de ambas as rexións, que nos último ano -e pese a crise económica- supuxo 1,7 millóns de euros en importacións e 2,5 en exportacións entre ambos os territorios.

Así, baixo o título "A actual situación económica e financeira de Portugal. Posible impacto na economía galega: propostas de actuación dende a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal" o documento que se presentou hoxe no Consello conclúe que, debido á transcendencia que ten a economía portuguesa para os galegos, dende a entidade transfronteiriza débese "efectuar un esforzo engadido e solidario."

Propostas de actuacións da Eurorrexión

É con este fin co que a Eurorrexión debe poñer os medios necesarios para que as grandes decisións macroeconómicas engarcan perfectamente coas restantes políticas complementarias, que garantan a súa efectividade.

Deste xeito, entre as propostas de actuacións da entidade destacan o incremento da cooperación público-privada en I+D+i; a mellora da planificación para reducir custes para as empresas e a aposta pola internacionalización como un área estratéxica para saír con maiores oportunidades de éxito ós mercados internacionais, fundamentalmente ós latinoamericanos e da lusofonía.

Ademais, a Eurorrexión tamén acadar unha maior simplificación administrativa para facilitar o esforzo dos emprendedores e buscará fórmulas de financiamento mixto, público-privado, que permitan atender novos investimentos.

Por último, e tal e como esixiu o pasado luns en O Porto o presidente da Xunta, esixírase a celebración dun cumio Hispano-Portugués -retrasado desde o ano pasado- para tratar a situación e apoiar desde os dous países un paquete de medidas de cara á negociación do marco financeiro plurianual comunitario posterior a 2013, que permitan rematar as infraestruturas pendentes, especialmente o AVE e as conexións enerxéticas.

O NOVO PACTO DE CONTRATACIÓN DO SERGAS UNIFICARÁ OS CRITERIOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL FIXO E TEMPORAL

- ***A través deste documento conseguirase unha xestión máis áxil, transparente e eficiente da contratación temporal do Sergas***

O Servizo Galego de Saúde vén de negociar un novo pacto que regulará o procedemento de selección de persoal estatutario temporal no ámbito do Sergas e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade nos próximos catro anos. Este documento, negociado no seo da Mesa Sectorial de Sanidade, conta co respaldo unánime das organizacións sindicais con representación neste órgano.

Segundo se recolle nun informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Sanidade, a través deste documento conseguirase unha xestión máis áxil, transparente e eficiente da contratación temporal do Sergas.

Os seus obxectivos principais son a simplificación do procedemento, introducindo maior axilidade na fase de elaboración das listas e xestión dos chamamentos; a unificación dos criterios de selección de persoal fixo e temporal dentro do organismo; a incentivación da participación dos aspirantes nos procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal estatutario fixo; a mellora e modernización do procedemento de selección coa incorporación de medios electrónicos e telemáticos, incrementando a transparencia dos chamamentos; e a adaptación da selección temporal ás necesidades asistenciais actuais e aos cambios estruturais e organizativos do organismo.

Para acadar estes obxectivos constituíuse un grupo de traballo entre profesionais das Direccións de Recursos Humanos e Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde e as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade.

SANIDADE ESTABLECE LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS PARA MINIZAR A VIOLENCIA SANITARIA

- ***A conselleira de Sanidade informou o Consello da Xunta do establecemento destas actuacións para os vindeiros dous anos e destaca o obxectivo de resolver estas situacións entendendo que “é un problema de todos”***
- ***A elaboración dun mapa de riscos e dun plan de seguridade, a mellora da calidade da información, e a formación e concienciación dos profesionais e usuarios son algunhas das medidas propostas***
- ***No ano 2010 producíronse 255 agresións a profesionais sanitarios, a maioría verbais ou xestuais***

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecerán diferentes liñas de actuación para os próximos dous anos en materia de violencia sanitaria coa finalidade de minimizar este tipo de incidentes así como as consecuencias dos mesmos.

Segundo informou no Consello da Xunta a titular de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, estas liñas son o resultado da primeira reunión da comisión técnica do Observatorio de Violencia Sanitaria do Sergas, no que participan representantes da administración sanitaria, profesionais, directivos, ou sindicatos, entre outros. Neste senso, Farjas Abadía destacou que é importante involucrar a todos os axentes con capacidade para resolver estas situacións pois “é un problema de todos”.

Entre as principais liñas de actuación destacan a mellora da calidade da información sobre os incidentes, é dicir, facer unha xestión máis eficaz do rexistro de incidentes, establecer indicadores por centros e buscar ou usar outras fontes de información. A elaboración dun mapa de riscos e dun plan de seguridade é outra das actuacións propostas pois permitirá detectar os puntos máis conflictivos, definir accións específicas nesas zonas, e elaborar protocolos específicos de seguridade.

A busca de alianzas e colaboracións con outras institucións que hai que involucrar na solución a este problema, ou novos protocolos de apoio a vítima de violencia e de xestión de incidentes internos, son outras das accións propostas pois permitirán a axilización de trámites, o establecemento de contactos con asociacións e administracións, e establecer apoios ás vítimas de episodios de violencia sanitaria.

Outra posible liña de actuación é ter en conta este aspecto no deseño de espazos públicos nas novas infraestruturas. Permitirá mellorar o acondicionamento de espazos onde exista unha maior interacción entre usuarios e profesionais, así como implantar sistemas de alerta en unidades con altos niveis de incidencia. Establecer accións formativas e de concienciación para profesionais e usuarios, e o establecemento dunha rede de mediación profesionais-usuarios son outras accións planificadas co obxectivo de canalizar situacións de potencial

conflitivo ou desenvolver as habilidades comunicativas, así como ofrecer información sobre os dereitos e deberes dos usuarios do sistema.

Datos en Galicia

O Servizo Galego de Saúde conta con máis de 38.000 profesionais repartidos en 480 centros de saúde e 15 hospitais de referencia nos que se realizan case 30 millóns de actos médicos cada ano.

Neste contexto, no ano 2010, rexistráronse unha media de 255 incidentes, das que o 53% foron en atención especializada e o 47% en primaria.

| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
|-------------------------|------------|------------|------------|------------|
| A. ESPECIALIZADA | 84 | 145 | 62 | 136 |
| A. PRIMARIA | 100 | 172 | 126 | 119 |
| TOTAL | 184 | 317 | 188 | 255 |

En referencia aos datos globais de 2010, a maioría foron actos de violencia verbal ou xestual (191 casos), e en menor medida agresións físicas ou danos patrimoniais.

Segundo os espazos nos que se producen estas agresións, en atención primaria o 79% son no propio espazo asistencial, o 12% nos espazos públicos dos centros sanitarios; en atención especializada o 96% ocorren no espazo asistencial e o 4% restante no espazo público.

O colectivo de profesionais médicos son en atención primaria os que máis sofren estas agresións (no 69% dos casos); en atención especializada son os técnicos de coidados e auxiliares de enfermería son os que máis sofren este tipo de incidentes, no 31% dos casos.

O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE A INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN COMO BEN DE INTERESE CULTURAL DO SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DO REFUXIO A DIVINA PEREGRINA EN PONTEVEDRA

- *A Consellería de Cultura e Turismo vén de aprobar, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a resolución que determina a aplicación inmediata e provisional do réxime de protección previsto para os bens xa declarados*
- *A declaración BIC ten como finalidade esencial protexer, conservar e difundir o legado que constitúe o patrimonio cultural de Galicia e transmitilo ao futuro*
- *O Santuario foi levantado nuns terreos cedidos polo Concello de Pontevedra á Confraría da Peregrina fóra das murallas da cidade medieval e sitúase na Praza da Peregrina, onde o Camiño Portugués de Santiago entra no conxunto histórico de Pontevedra*

A Consellería de Cultura e Turismo vén de informar ao Consello da Xunta da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se incoa expediente para a declaración de ben de interese cultural, coa categoría de monumento, en favor do Santuario da Nosa Señora do Refuxio a Divina Peregrina, no termo municipal de Pontevedra. A resolución, que será publicada nos próximos días no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, será comunicada ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural para a súa anotación preventiva, así como ao Concello de Pontevedra.

A resolución determina a aplicación inmediata e provisional do réxime de protección previsto para os bens xa declarados, e, en concreto, a suspensión das correspondentes licenzas municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas pola declaración, así como dos efectos das xa outorgadas.

As obras que, por causa de forza maior, interese xeral ou urxencia, tivesen que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, de autorización dos organismos competentes da Consellería de Cultura e Turismo. Do mesmo xeito abrirase un período de información pública polo prazo dun mes a fin de que cantos teñan interese poidan examinar o expediente e alegar o que estimen conveniente.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural é o órgano competente para incoar os procedementos de declaración de ben de interese cultural segundo o disposto Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), polo que se regula a tramitación para a declaración de bens de interese cultural e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, tal e como se reflicte na súa exposición de motivos, ten como finalidade esencial protexer, conservar e difundir o legado que constitúe o patrimonio cultural de Galicia e transmitilo ao futuro. Este patrimonio, de acordo co seu artigo 1, constitúeno todo os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

A consideración da Capela da Peregrina como un dos bens mais sobranceiros do noso patrimonio cultural xa foi posta de manifesto no ano 1979 pola Comisión Provincial para a Defensa do Patrimonio Histórico – Artístico, cando, na súa reunión celebrada o 12 de novembro, acordou elevar petición á Dirección Xeral do patrimonio Artístico, Arquivos e Museos para a súa declaración como monumento histórico – artístico.

En 1981 motivouse a importancia e significación da capela en dous puntos fundamentais, tanto pola súa tipoloxía, ao pertencer á exigua serie de capelas de plan central construídas en Galicia, onde o modelo se introduce moi tardiamente (S. XVIII), como por mostrar antoloxicamente definidas as oscilacións que se producen no tránsito do Barroco ao Neoclasicismo en terras galegas.

En 1982, a inspección técnica do Ministerio de Cultura estima oportuno e conveniente a incoación de expediente de declaración como monumento histórico - artístico. Posteriormente, no ano 2001, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, reinicia o expediente. Perante a nova solicitude remitida polo Concello no ano 2008, os servizos técnicos analizan a documentación que obra no referido expediente e, con data de 5 de abril de 2011, emiten un informe favorable ao acordo de incoación.

Nosa Señora do Refuxio a Divina Peregrina

O Santuario foi levantado nuns terreos cedidos polo Concello de Pontevedra á Confraría da Peregrina fóra das murallas da cidade medieval e sitúase na Praza da Peregrina, onde o Camiño Portugués de Santiago entra no conxunto histórico de Pontevedra pola rúa da Peregrina, atravesando o que sería a muralla medieval polo Paseo de Antonio Odriozola e a Porta de Trabancas, denominada de Tui.

A construción e a situación da capela está ligada indubidablemente ao Camiño de Santiago. A primeira capela construíuse en madeira en decembro de 1776. Dous anos despois, e no mesmo lugar, comezou a construción do templo actual o 18 de xuño de 1778, que rematou no ano 1796, sendo o encargado do proxecto o mestre de obras Antonio de Souto, quen contou coa colaboración de Bernardo José de Mier.

Construída en estilo Barroco tardío, de transición cara ao neoclasicismo, ten como característica fundamental a utilización do plan central, formando parte do pequeno número de igrexas desta tipoloxía en Galicia. Ante a portada, o adro aberto sitúase a

Baseándose nos criterios de proximidade e relacións visuais intégranse dentro do contorno de protección da Capela da Peregrina as rúas de acceso ao templo, as prazas e edificios cuxa modificación poida incidir directamente na apreciación do ben, e na relación deste co seu contorno e poidan deteriorar a vista do monumento ou dende el. No contorno de protección inclúense, por cuestións de relación visual dende estes espazos cara á capela, parte da rúa dos Soportais da Ferraría, a Praza da Ferraría, a Praza da Estrela, os Xardíns de Casto Sampedro e a rúa de Benito Corbal, no tramo entre a rúa Daniel de la Sota e a Praza de Ourense; estes espazos quedan incluídos no ámbito de conxunto histórico e, independentemente da protección que lle corresponda como ben de interese cultural e de que as accións que sobre el se leven a cabo estean encamiñadas á súa conservación e mellora, as intervencións que afecten estas áreas non deturparán a percepción do monumento e non alterarán a visión do conxunto que inclúe á capela.

Fóra do ámbito do conxunto histórico inclúense dentro do contorno de protección as rúas de acceso a Praza da Peregrina: rúa Michelena, rúa da Oliva, rúa da Peregrina, e xunto con estes espazos as edificacións que os conforman. Nas rúas Oliva e Peregrina en todo o seu traxecto e nas rúas Michelena e Soportais e no último tramo, a visión do ben protexido pode verse dificultada pola existencia de carteis, sinais, paneis informativos e mobiliario urbano destas rúas. É importante o coidado de todos aqueles elementos que se sitúan fora da aliñación, sobrevoando ou ocupando o espazo público que poidan interromper a relación visual coa capela. É por mor da acumulación destes elementos (farois, carteis, bandeirolas) que se ve interrompida a que debería ser unha comunicación fluída entre a Capela da Peregrina e a Praza de Ourense e os Xardíns de Castro Sampedro.

Nas rúas pertencentes ao contorno as medianeiras adquiren nalgúns casos unha forte presenza nas perspectivas visuais, xa sexa dende o ben protexido ou cara a el. É por iso que a protección se estende máis alá da fachada das rúas incluíndo :

- Cun fondo de 25 metros (fondo máximo dos edificios existentes- agás a planta baixa- e maior que o fondo edificable) os edificios da fachada noroeste da rúa da Oliva no tramo dende a rúa García Camba ate a Praza da Peregrina, co obxecto de poder regular o volume das edificacións e o tratamento das medianeiras dos edificios que dan a esta rúa.
- Cun fondo de 24 metros (fondo edificable maior que o dos edificios) os edificios da fachada sur da rúa Michelena no tramo dende a rúa Gutiérrez Mellado ate a Praza de Peregrina.
- Inclúese ademais, dentro do contorno de protección, parte do quintero delimitado polas rúas Michelena, rúas dos Soportais e a rúa Fernando Villaverde.

Así mesmo inclúese o quinteiro delimitado polas rúas García Camba, Oliva e Peregrina. Os edificios que dan fronte ás rúas Oliva e Peregrina inclúense co obxecto de regular o volume das edificacións, o tratamento das medianeiras dos edificios que dan a esta rúa e aqueles elementos que poidan sobresaír das aliñacións da rúa; e respecto dos edificios que dan á rúa García Camba, a modificación do volume dos edificios podería afectar a percepción da Capela dentro do seu contorno.

- Descrición da delimitación do contorno

O contorno de protección proposto queda literalmente referenciado mediante a cita dos predios catastrais e rúas polas que discorre a demarcación detallada graficamente segundo o plano axunto (Anexo II). Para a delimitación do contorno de protección pátrese do punto 1 situado na esquina nordeste do predio catastral 9479603NG2997N. Desde este punto, e coincidindo coas aliñacións cara ao sur da marxe oeste das rúas Cobián Rofignac e Daniel de la Sota, cruza a rúa da Peregrina ate o punto 2 situado sobre a aliñación á rúa García Camba da parcela catastral 9478016NG2997N, no cruce das rúas Peregrina e García Camba. Segue a aliñación da rúa García Camba cara ao oeste e prolóngase esta liña cruzando a rúa da Oliva ata o punto 3, situado na aliñación da rúa da Oliva entre os predios catastrais 9278617NG2997N e 9278616NG2997N (nº 18 da rúa da Oliva). Desde este punto segue o linde entre os dous predios ata o punto 4, situado a unha distancia de vinte e cinco metros da aliñación. Desde este punto o límite do contorno segue cara ao nordeste por unha liña paralela á aliñación da rúa da Oliva ata o punto 5, situado na intersección desta liña con outra liña paralela á aliñación que este quinteiro ten á rúa Michelena, e situada a 24 metros da dita aliñación. Desde este punto continúa seguindo esta liña ata ao punto 6 de intersección entre esta e o linde da parcela 9278636NG2997N.

Segue a liña do límite entre este predio e o predio 9278601NG2997N ata o punto 7, situado entre estas dúas parcelas na aliñación da rúa Gutiérrez Mellado. Continúa sobre esta aliñación cara ao norte e prolóngase cruzando a rúa de Michelena ata o punto 8, situado na esquina suroeste do predio catastral 9379224NG2997N e sobre a aliñación da rúa Michelena. Segue esta aliñación ate o punto 9, situado na esquina suroeste do predio catastral 9379209NG2997N. Desde este punto segue polo lindeiro noroeste deste predio ata o punto 10, situado entre o predio catastral mencionada e a 9379208NG2997N, no cruzamento coa rúa Soportais da Ferraría. O límite do contorno de protección atravesa esta rúa e continúa desde o extremo sur da parcela catastral 9380617NG2998S coincidindo coa aliñación deste quinteiro á Praza da Ferraría ata o punto 11, situado na esquina suroeste do predio catastral 9480223NG2998S. Segue a aliñación deste predio e dos predios catastrais 9480222NG2998S, 9480221NG2998S. Ao chegar a esquina nordeste deste último

predio catastral cruza ao punto 12, situado na esquina do predio catastral 9480908NG2998S. Desde este punto segue coincidindo coa aliñación deste predio e do predio 9480907NG2998S á Praza da Estrela. Esta liña prolóngase e cruza o Paseo de Antonio Odriozola ata a fachada da Delegación de Facenda, onde se sitúa o punto 13. Desde aquí segue a liña da fachada cara ao sur e segue coincidindo a delimitación do contorno de protección co límite da parcela catastral 9479601NG2997N cara ao este, ate o predio catastral 9479602NG2997N (igreja de San Francisco), onde se sitúa o punto 14. Continúa cara ao sur primeiro e logo cara o este coincidindo co límite da parcela, e bordeando as parcelas 9479610NG2997N polo oeste e o norte, á parcela 9479609NG2997N polo norte e o este, á parcela 9479608NG2997N polo oeste e o norte e ás parcelas, 9479607NG2997N, 9479606NG2997N, 9479605NG2997N e 9479603NG2997N polo norte, ata chegar ao punto de partida (1).